

Concello de Foz

D^a. MARÍA LUZ Balsa RÁBADE, SECRETARIA XERAL EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE FOZ (LUGO).-

CERTIFICO: Que na sesión ordinaria desenvolvida o día seis de maio de dous mil vinte e un polo Pleno do Concello de Foz, adoptouse, entre outros, acordo co seguinte teor literal:

A) PARTE RESOLUTIVA

3.- EXPEDIENTE NÚMERO 316/2021: APROBACIÓN SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO PARA A APROBACIÓN DO LOGOTIPO DO CONCELLO DE FOZ E O MANUAL DE IDENTIDADE.-

Sométese novamente á consideración do Pleno para a súa deliberación e votación, a proposta de acordo presentada por D. Francisco Cajoto Caserío, Alcalde do concello, datada de 23 de marzo de 2021, e tratada no pleno de data 05 de abril de 2021, que a continuación se transcribe:

“ PROPOSTA

Coa finalidade de renovar, unificar e simplificar a imaxe corporativa do Concello de Foz, introducindo un logo oficial, que pretende configurarse como unha imaxe simplificada dos símbolos oficiais corporativos, que se manteñen sen modificación algunha; trátase de ofrecer unha marca de Foz, actualizada e modernizada, preservando a integridade existente nos símbolos do municipio, e actualizando a súa imaxe institucional.

PROPÓN:

A aprobación do logotipo do Concello de Foz e o manual de identidade corporativa que obran no expediente 316/2021, mantendo sen modificación algunha a heráldica municipal do escudo e bandeira deste Concello”.

A proposta de acordo foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno na súa sesión celebrada o 25 de marzo de 2021.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 10, dos/as concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7) e BNG (3);

Votos en contra: 5, dos concelleiros/as presentes do grupo político municipal PP, e;

Abstencións: 1, do concelleiro presente do grupo político municipal FPF, proclamando a continuación a **aprobación da proposta de acordo SEN MODIFICACIÓN** co seguinte alcance:

-Aprobar o logotipo do Concello de Foz e o manual de identidade corporativa que obran no expediente 316/2021, mantendo sen modificación algunha a heráldica municipal do escudo e bandeira deste Concello.-





Concello de Foz

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, e en cumprimento do disposto nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, asino a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado, de orde e co visto e prace do alcalde-presidente, en Foz (Lugo) á data da sinatura.-

Vº e Pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN

FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

